

REDUCIR-REEMPREGAR-RECICLAR

Xa empezamos fai unhas semanas a facer materiais reciclados, para o 28 de abril, que mellor día para seguir con este traballo de o **Día Internacional da Terra**, busquei algunhas ideas para entreternos no tempo que as pensamos, no tempo que argallamos para buscar os materiais, no tempo que o facemos e non tempo que xogamos.




Algunhas ideas son complexas para facer, eu por exemplo non tería o material, o que si teño para empezar é un “tres en raia”, xa teño gardado os tapóns das botellas de leite, son todas da mesma cor, pero podo pintalas ou como na imaxe poñer cruz e circunferencia, agora que o penso, seguirei gardando para poder facer un xogo de damas tamén.

Unha idea que me gustou moito foi a de facer un puzzle, pode ser de moitas cousas, unha folla de revista (pegandolle un cartón por detrás para que sexa un pouco máis dura), unha caixa de cereais,



Con unha tapa dunha caixa de zapatos e pouco máis (pallas, cartóns, platilina,...). poderemos facer un labirinto.



Unha caixa de cartón por exemplo tamén nos vale para facer, unha pista de fútbol, moveremos a pelota que pode ser de pinpon ou unha bola de papel soprándolle, ou algo máis pequeno de lanzar coa man.



O futbolín creo que xa ía na presentación anterior, pero desta vez temos máis deportes, ocorresevos algún máis?



Con vasos de plástico (que eu non teño na casa), ou con botellas de auga, podemos facer varias cousas, as pelotas de pinpon en moitos casos poden ser substituídas por outras, xa sexan doutro material ou con periódicos de papel, seguro que tedes solucións para todo.




Estes exercicios son moi útiles para o traballo da capacidade pulmonar e da concienciación sobre a importancia dunha boa respiración.



Con botellas tamén temos outros exemplos de bolos.




Un xogo que coñeces é “Misterpotato”, esta pode considerarse unha adaptación do xogo, onde teremos que facer diferentes caras. Podemos ter unha plantilla e deberemos copiala, ou simplemente que nos digan un sentimento e teremos que buscar a cara que o expresa.





Un xogo de velocidade pode ser este, onde debemos gardar correctamente todas as figuras que se nos presentan, xa sexa por cores, por formas,... podemos incluso establecer un tempo, ou ter que buscalas por toda a casa, as normas e as adaptacións quedan para os/as creadores/as dos xogos.

Un xogo que me gustaba moito cando era pequena, era o “tetris”, a proposta de hoxe, é que fagades vos un, neste caso, teredes que facer dúas follas



cuadriculadas, como se ve na imaxe, unha será a base e a outra teremos que recortar as formas que desexemos, non ten porque ser igual que as do exemplo, teremos que colorealas e xa temos o noso crebacabezas, onde teremos que retar e ser retados a conseguir completalo no menor tempo posible, sabendo que non pode quedar ningunha xanela en branco nin sobrar pezas.

E por último un xogo, que eu non podería facer na casa, pero que me gustou, no que precisamos pelotas, pratos de papel,... é un exemplo de que só temos que empregar o noso máxín para lograr facer un xogo ou unha adaptación.



Espero as vosas propostas con moita ilusión.

profetamaraef@gmail.com